CA6.3 - Traballar e colaborar activamente en equipos heteroxéneos respectando as diferentes opinións e comunicándose de maneira efectiva. Utilizar o pensamento crítico e creativo para tomar decisións e realizar xuízos informados.	Traballa e colabora activamente en equipos heteroxéneos respectando as diferentes opinións e comunicándose de maneira efectiva. Utiliza o pensamento crítico e creativo para tomar decisións e realizar xuízos informados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Xestionar a repartición de tarefas do equipo, achegando valor ao grupo mesmo, favorecendo a inclusión, a escoita activa e responsabilizándose do rol asignado.	Xestiona a repartición de tarefas do equipo, achegando valor ao grupo mesmo, favorecendo a inclusión, a escoita activa e responsabilizándose do rol asignado		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - Mostras de curiosidade, iniciativa, perseveranza e resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Xestión das emocións que interveñen na aprendizaxe das matemáticas, como a autoconciencia, a autorregulación e a perseveranza. - Fomento da flexibilidade cognitiva, buscando un cambio de estratexia cando sexa necesario, transformando o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Asunción de responsabilidades e participación activa para optimizar o traballo en equipo. - Disposición a pedir, dar e xestionar axuda para a xestión de conflitos. - Reflexión sobre as ideas clave de situacións problemáticas para ser capaz de tomar decisións adecuadas en situacións similares. - Inclusión, respecto e diversidade. - Actitudes inclusivas para acoller a diversidade presente na aula e na sociedade. - Uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos. - Contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

INTRODUCCIÓN.

O conxunto de estratexias, procedementos e accións metodolóxicas que se van a aplicar de xeito consciente e reflexivo, teñen como finalidade posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos propostos. Deberán ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecer a capacidade de aprender por sí mesmos e promover o traballo en equipo.

A metodoloxía didáctica será activa e participativa.

Metodoloxías como as tarefas auténticas, a aprendizaxe baseado en proxectos e/ou problemas organizadores dun currículo interdisciplinar e fenomenolóxico, configúranse como fortalezas da innovación na aprendizaxe.

4.1.1 PRINCIPIOS METODOLÓXICOS.

-Proporcionar ao alumnado situacións reais e próximas á súa realidade cotiá nas que o contido e os procesos matemáticos cobren significado, procurando usar tarefas de modelización matemática que incorporen á súa aprendizaxe a aplicabilidade e funcionalidade das matemáticas no mundo que lle rodea.

-Incorporar as estratexias de resolución de problemas como unha liña fundamental da actividade matemática e como un dos principais procedementos para a súa aprendizaxe.

-Potenciar o razoamento, a argumentación, a investigación e comunicación por encima dos procedementos repetitivos.

-Interpretar, analizar e modelizar situacións problemáticas e fenómenos para fomentar a adquisición do razoamento matemático que partindo dos seus coñecementos previos lle facilite ao alumnado a contrución de novos

coñecementos.

-Empregar a historia das Matemáticas para amosar a evolución do coñecemento matemático ao longo da historia da humanidade e ás súas achegas ás ciencias sociais.

-Mostrar e desenvolver métodos diversos para a elaboración de proxectos con ideas matemáticas relevantes e de resolución de problemas significativos para o alumnado, individuais e/ou en pequenos grupos, de forma eficiente e lóxica, buscando a xeneralización de estratexias que poidan ser implementadas en situacións análogas ou máis complexas e proporcionar así unha visión das Matemáticas como campo de coñecemento en sí mesmo e aplicado ás ciencias sociais.

- Valorar o razoamento e a explicación dos procedementos empregados e a análise crítica para a obtención de resultados, primando sobre a realización correcta dos cálculos e sobre os posibles erros cometidos.

- Limitar a realización de cálculos con lapis e papel aos casos máis sinxelos e básicos, empregando con criterio ferramentas dixitais ou tecnolóxicas axeitadas.

- Transmitir a importancia da comunicación das ideas e procedementos matemáticos de forma ordenada e coherente, así como a importancia do uso da linguaxe matemática en diferentes contextos coa precisión e rigor necesarios e adecuados.

-Fomentar as destrezas e actitudes necesarias para entender e manexar ás emocións que xorden na aprendizaxe das matemáticas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- Utilizar estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

-Utilizar estratexias que favorezan no alumnado a capacidade de aprender por si mesmos, que promovan o traballo en equipo e que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado con especial incidencia na prevención das dificultades de aprendizaxe, na detección de altas capacidades e a posta en práctica de mecanismos de reforzo en canto sexan detectadas esas necesidades.

4.1.2 MÉTODOS DE ENSINANZA.

Métodos para o ensino de contidos propostos na programación:

-Métodos expositivos: A exposición por parte do profesorado, útil para orientar, estimular, motivar e suxerir, que non debe ser meramente expositiva (lección maxistral) senon interactiva co alumnado provocando a intervención deste (lección comunicativa).

-Métodos demostrativos: Se practicarán las destrezas conseguidas recentemente e consolidaranse as adquiridas con anterioridade. Para introducir conceptos e procedementos se parte de situacións problemáticas nas que se atopan aqueles que se queren ensinar. Para consolidar os coñecementos adquiridos se varía o contexto ou se insiste en situacións similares. Para conseguir que a aprendizaxe sexa funcional, os alumnos aplican os coñecementos adquiridos a unha gran variedade de actividades contextualizadas no entorno real da sociedade e do alumnado.

-Método titorial: A través da Aula Virtual, nos permite unha interacción co alumnado que necesite apoio específico como actividades de reforzo ou de ampliación guiadas.

-Clase invertida: Para as partes da materia xa coñecidas e susceptibles de ser repasadas, se lle propón ao alumnado a revisión de conceptos na casa utilizando as sesións de clase para a resolución de dúbidas e práctica destes conceptos.

- Método Interrogativo: baseado en diferentes situacións que se relacionan a continuación:

a) Realización de traballos de investigación: Para desenvolver capacidades cognitivas (inducións, xeneralizacións, conxecturas, visualizacións, inferencias, ...).

b) Realización de traballos por proxectos: Aproveitaranse as posibilidades que oferta o deseño destas actividades integradas para avanzar na aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo cun enfoque multidisciplinar.

c)Resolución de problemas: A resolución de problemas é consubstancial co desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas. Por problema debe entenderse unha situación que leva un propósito que se ten que conseguir e que require deliberacións. A súa resolución leva consigo unha serie de pasos esenciais para o desenrolo de capacidades e procedementos matemáticos: Análise do problema e emisión de hipóteses, busca de estratexias diversas xerais ou particulares, resolución, comprobación de hipóteses e se é o caso formulación de xeneralizacións matemáticas.

-Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación: Integradas no proceso de ensino e aprendizaxe, deben permitir ao profesorado o deseño e presentación das situacións de aprendizaxe, a comunicación co alumnado aproveitando as características que teñen ambas tecnoloxías de inmediatez, universalidade e capacidade de transmisión de ideas. En particular as ferramentas matemáticas que permitan o cálculo, a interacción dinámica e a visualización, así como a realización de actividades en liña

4.1.3 TIPOS DE ACTIVIDADES E TAREFAS.

As actividades e tarefas permítennos dar forma aos principios metodolóxicos desenvolvidos nos métodos de ensinanza. Distinguimos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan:

-Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

-Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas, deste modo podémolas clasificar en:

- a) actividades de introdución de conceptos.
- b) actividades de consolidación de coñecementos.
- c) actividades de contextualización no entorno real ou nas ciencias sociais.

-Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

-Actividades de avaliación

Aínda que calquera actividade pode ser avaliada en si mesma, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades referidas aos contidos e aos criterios de avaliación que se pretenden valorar. Serán clasificadas en:

- a) Actividades autoevaluativas: Como por exemplo as realizadas na Aula Virtual ou noutras plataformas como actividades de Ed@d da Rede Educativa Dixital Descartes que permitan a súa corrección e/ou calificación de forma mais ou menos inmediata e proporcionen unha retroalimentación ao alumnado.
- b) Probas escritas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Editorial ANAYA Matemáticas 4º ESO. Operación Mundo e publicacións editoriais (guías dixitais, xerador de probas e de exercicios, materiais de reforzo,...)
Apuntes realizados polo profesor subidos á Aula Virtual
Caderno da/o alumna/o
Calculadora científica
Proxector e pizarra dixital interactiva
Fichas de actividades de consolidación
Fichas de actividades de reforzo
Fichas de actividades de ampliación
Materiais manipulativos (para o traballo da xeometría, por exemplo)
Dotación da aula (pupitres, encerado,...)
Aula de informática
Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra, por exemplo)

Libro de texto acorde coa LOMLOE.

O caderno de traballo conforma o portafolio do alumnado, e será preferiblemente de follas insertables.

As fichas de actividades entregadas son secuenciadas e adaptadas polo profesor.

Os materiais manipulativos utilizaranse para o estudo da Xeometría no espazo e no plano con papiroflexia modular.

O proxector de documentos é unha ferramenta de gran axuda e axilidade para a proxección de correccións de

actividades en gran grupo ou de toda a clase, para as actividades de papiroflexia e para mostrar o uso da calculadora.

CALCULADORA CIENTÍFICA

Tense que facer unha mención especial á calculadora. Dende que se xeneralizou o uso da calculadora deixou de ter sentido o emprego de tempos esaxerados na adquisición de destrezas para a automatización de cálculos porque esta automatización xa ven dada pola calculadora.

Parece máis útil ensinar o manexo e dedicar mais tempo ós conceptos ligados coas operacións sen esquecer que non sempre é convinte o uso dunha calculadora para obter o resultado dunha operación.

A calculadora é un valioso instrumento de exploración para, en contextos de resolución de problemas, observar regularidades, poder anticipar solucións aproximadas, ... ademais de supoñer unha forma moi distinta de abordar temas como a estatística polo tempo que levarían os cálculos sen usar a calculadora.

SOFTWARE MATEMÁTICO E APLICACIÓNS MÓBILES.

Tamén mencionar a utilidade dos programas de xeometría dinámica e de cálculo simbólico para a exposición dos conceptos por parte do profesor e na resolución de problemas, proba (comprobación) empírica dos teoremas e corolarios xeométricos, caracterizacións e xeneralizacións por parte do alumnado.

As aplicacións para dispositivos móbiles permiten ao alumnado a comprobación instantánea dos resultados de determinadas actividades e a constatación de error ou dificultades que posteriormente poden ser enmendadas na aula.

OUTROS RECURSOS DIXITAIS.

Ademais dos xa citados o profesorado do Departamento e o propio alumnado utiliza outros recursos:

-Para a clase invertida recursos web con titoriais: Khan Academy, e-matemáticas, lasmatemáticas.eu, unicoos.com, canal de youtube Mates con Andrés,...

-Para realización de probas autoavaliativas Thatquiz.org

-Actividades interactivas autoavaliáveis (implementadas nas aulas virtuais) do proxecto Ed@d da Rede Educativa Digital Descartes, e outros proxectos como Unidades Didácticas Descartes, iCartes-iLibri, Proxecto Competencias, Miscelánea e Proyecto ASIPIISA (de resolución de situación de aprendizaxe tipo PISA).

-Contornas persoais de aprendizaxe (PEL) en Symbaloo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade. A súa función é coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso e de cada unidade.

Esta avaliación inicial poderá realizarse de diversas maneiras a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolvida na aula ou do traballo realizado en unidades previas.

Nas unidades didácticas, será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

A información proporcionada permitirá modificar, de ser o caso, aqueles aspectos susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e detectar as dificultades de aprendizaxe (analizando a capacidade de traballo individual e en grupo, a madurez, a autonomía, a capacidade de concentración na aula, a expresión oral e escrita, a comprensión dos problemas e exercicios, ademais do nivel en matemáticas), coa consecuente posta en marcha de mecanismos para paliarlas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	7	8	6	15	15	7	8	8	8
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	100
Proba escrita	0	90
Táboa de indicadores	100	10

Cráterios de cualificación:

1.- SOBRE AS PROBAS ESCRITAS:

- En cada avaliación realizaranse un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación.
 - A materia será acumulativa, é dicir, na segunda proba de cada avaliación entrará de novo a materia correspondente á primeira proba.
 - A cualificación de aprobado en cada proba escrita establécese en CINCO.
 - Deberá constar en cada proba a puntuación de cada pregunta, (excepto no caso de ter todas a mesma puntuación).
 - O profesorado determinará para cada proba, cando proceda, a pertinencia ou non da utilización para a súa realización de calculadoras.
 - A intención de copia por outro compañeiro, a posesión de "chuletas", apuntes ... durante a realización do exame ou dun dispositivo electrónico non autorizado conllevará que a cualificación da proba sexa un CERO.
 - Cando na corrección dunha proba exista a sospeita fundada de realización irregular ou fraudulenta, o profesor ou profesora poderá facer unha nova proba de contraste.
 - Terminado o período de corrección, o alumnado poderá revisar o exame xa corrixido.

2.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA CADA AVALIACIÓN: Establécese como porcentaxe de contribución á cualificación de cada avaliación o seguinte:

- O 90% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética ou ponderada das probas escritas. A media das cualificacións das probas escritas será ponderada: 40% a primeira proba (parcial) , 60% a segunda proba (global). Excepcionalmente, os profesores do curso poden acordar modificar esta porcentaxe en relación coa cantidade ou tipo de materia obxecto de exame, e así deberá ser comunicado ao alumnado con antelación.
- O 10% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 16 que estarán asociados a rúbricas e/ou listas de cotexo cos que se avaliarán:
 - A elaboración de proxectos ou traballos propostos (individuais ou grupais).
 - A observación da elaboración do caderno de clase.
 - As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan.
 - A observación do traballo diario na aula (que inclúe a realización de exercicios, as intervencións na corrección de exercicios e resolución de cuestións formuladas así como as preguntas sobre dúbidas xurdidas durante as explicacións)..

A avaliación considérase APROBADA, cando o alumnado acade unha puntuación mínima de CINCO.

3.- A CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL do curso estará formada pola media aritmética das notas das tres avaliacións, cando estas estean aprobadas. (inicialmente ou recuperadas con posterioridade).

4.- CRITERIOS DE CALIFICACIÓN PARA AS RECUPERACIÓN: Cando unha avaliación fora cualificada negativamente (con nota $A < 5$) e tras considerarse recuperada cunha cualificación R (R maior ou igual a 5), a nota efectiva desa avaliación (E), a ter en conta para o cálculo da cualificación da avaliación final, será calculada a partir da media ponderada (20%-80%) da cualificación suspensa obtida na avaliación (A) e da cualificación obtida na recuperación (R), é dicir $E = 0,2 \cdot A + 0,8 \cdot R$. Coa matización: de ser $E < 5$ entón a nota final da avaliación recuperada será exactamente CINCO.

Rematadas as tres avaliacións, o alumnado suspenso que non logre recuperar unha ou varias avaliacións, poderá realizar unha PROBA GLOBAL DE RECUPERACIÓN na que se poderá examinar da materia correspondente á avaliación ou avaliacións que ten cualificadas negativamente.

O alumnado que o desexe poderá presentarse ás recuperacións para subir nota, obtendo unha nova cualificación co mesmo criterio que o alumnado suspenso. En caso de obter unha cualificación máis baixa que a nota orixinal, esta última proba non se terá en conta.

5.- CRITERIOS DE CALIFICACIÓN PARA A PROBA GLOBAL DE RECUPERACIÓN: O cálculo da nota das avaliacións que non fosen recuperadas con anterioridade, dacordo coa nota obtida na proba de recuperación global será a seguinte:

a) No caso de ter unha avaliación para recuperar, cualificada negativamente (con nota $A < 5$) e tras considerarse recuperada na citada proba global cunha cualificación R (R maior ou igual a 5), a nota efectiva desa avaliación (E), a ter en conta para o cálculo da cualificación da avaliación final, será calculada a partir da media ponderada (20%-80%) da cualificación suspensa obtida na avaliación (A) e da cualificación obtida na recuperación (R), é dicir $E = 0,2 \cdot A + 0,8 \cdot R$. Coa matización: de ser $E < 5$ entón a nota final da avaliación recuperada será exactamente CINCO.

b) No caso de ter dúas avaliacións suspensas calcularase a media aritmética das avaliacións suspensas (en diante B2) procederase seguindo os criterios de cualificación para recuperacións dunha soa avaliación sendo R2 (R2 maior ou igual a 5) a cualificación obtida na recuperación sobre as dúas avaliacións, resultando a cualificación C, que engloba ambas: $C = 0,2 \cdot B2 + 0,8 \cdot R2$; Coa matización seguinte: de ser $C < 5$ entón cualificación obtida será exactamente CINCO. Neste caso a CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL, será a media ponderada $M = (2/3) \cdot C + (1/3) \cdot \text{Cualificación da avaliación xa aprobada}$.

c) No caso de ter as tres avaliacións suspensas, calcularase a media aritmética das avaliacións suspensas (en diante B3) procederase seguindo os criterios de cualificación para recuperacións dunha soa avaliación sendo R3 (R3 maior ou igual a 5) a cualificación obtida na recuperación sobre as tres avaliacións, resultando a cualificación C, que engloba ambas: $C = 0,2 \cdot B3 + 0,8 \cdot R3$; Coa matización seguinte: de ser $C < 5$ entón cualificación obtida será exactamente CINCO. Neste caso a CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL será C.

6.- CUALIFICACIÓN FINAIS DO CURSO.

A CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL do curso estará formada pola media aritmética das notas das tres avaliacións, cando estas estean aprobadas (inicialmente ou recuperadas con posterioridade) ou pola media ponderada según os apartados b) e c) nos seus respectivos casos. A cualificación mínima para aprobar a materia será de CINCO.

7. DIFUSIÓN E CONSULTA DA PROGRAMACIÓN

Segundo o que se recolle na Orde pola que se aproba o calendario escolar, cada profesor e profesora do departamento, ao inicio do curso, dá ao alumnado a información básica sobre a programación didáctica da súa materia.

As programacións didácticas das materias poden ser consultadas polas familias no Centro. Ademais, cada profesor e profesora dispón dunha hora semanal de atención directa ás familias.

Criterios de recuperación:

O alumnado cualificado negativamente nunha avaliación:

Durante a 2ª avaliación terá a posibilidade de recuperar a 1ª avaliación, e na 3ª avaliación terá a posibilidade de recuperar a 2ª. A 3ª avaliación cualificada negativamente, poderá ser recuperada na PROBA GLOBAL DE RECUPERACIÓN, que se realizará antes da sesión de avaliación final, no caso de non haber tempo suficiente para realizar unha recuperación individual da terceira avaliación.

A avaliación considérase recuperada, cando o alumnado acade unha puntuación mínima de CINCO na proba de recuperación. A cualificación correspondente á avaliación recuperada, calcularase conforme aos criterios de cualificación detallados no anterior apartado, no punto número 4, de "CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA AS RECUPERACIÓN".

Rematadas as tres avaliacións, o alumnado suspenso que non teña superadas unha ou varias avaliacións, deberá realizar unha proba global de recuperación na que se examinará da materia correspondente á avaliación ou avaliacións que ten cualificadas negativamente. A nota final do curso neste caso será calculada como está detallado no apartado anterior, no correspondente punto 5, "CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA A PROBA GLOBAL DE RECUPERACIÓN".

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é unha realidade social e polo tanto unha realidade no centro de ensino que debe ser concretada nunha resposta educativa.

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En concreto, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación ás características do alumnado.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

En canto ás medidas ordinarias de adaptación de tempos e instrumentos de avaliación para o alumnado que o precise (dislexia, TDAH, dificultades de aprendizaxe, TEA,...) tentarase seguir as suxestións do Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X

Observacións:

1. Comprensión da lectura e expresión oral e escrita

Observación: serán traballadas de xeito habitual a través dos materiais utilizados na aula (boletíns de exercicios, caderno de traballo, realización de probas e traballos para entregar,...) e das intervencións do alumno (ben sexa realizando preguntas relativas ás explicacións da/o docente, ou coa explicación da resolución de tarefas no encerado ou coa exposición de traballos)

2. A comunicación audiovisual e a competencia dixital

Observación: O uso da aula virtual e das novas tecnoloxías utilizando aplicacións web como Geogebra e outras ferramentas dixitais (follas de cálculo, editores de texto, editores de presentacións...).

3. O emprendemento social e empresarial

Observación: propoñeranse tarefas de ampliación e alternativas que busquen fomenten a creatividade e a autonomía persoal do alumnado.

4. O fomento do espírito crítico

Observación: o espírito crítico é tratado de forma xenérica diariamente na aula. A resolución de problemas lévanos inevitablemente a esta forma de proceder, as propostas alternativas ou de mellora a unha solución dada, fomentan o espírito crítico.

5. A educación emocional e en valores

Observación: os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita aos museos da ciencias (Casa das Ciencias, Muncyt, Domus, Aquarium, Museo de la Construcción Naval de Ferrol, Museo de Historia Natural e outros museos)	Realizaranse visitas a museos para ver a aplicación das matemáticas.		X	
Actividades propostas polos diferentes concellos, pola deputación de Coruña e por diversas universidades ou organizacións (ditas actividades serán con fins educativos).	Proporase ao alumnado a participación nesta actividade.	X		
Feira da Ciencia na Rúa na Coruña.	Proporase ao alumnado a participación nesta actividade.			X
Feira das Matemáticas na Coruña.	Proporase ao alumnado a participación nesta actividade.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas por diferentes cidades galegas buscando a ¿Xeometría do lugar?.	Proporase ao alumnado a participación nesta actividade.		X	
Participación no canguro matemático 2025	Proporase ao alumnado a participación nesta actividade.		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
6. Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces
Metodoloxía empregada
1. Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
4. Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
7. Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
3. Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Medidas de atención á diversidade
2. Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado5. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado
8. Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
9. Atención adecuada á diversidade do alumnado
Clima de traballo na aula
5. Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
10. Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
11. Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación
12. Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado

Descrición:

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto 156/2022 no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar “os procesos de ensino” e a propia “práctica docente”, para o que se establecerán “indicadores de logro”. Estes indicadores de

logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso.

Analízanse fundamentalmente estes aspectos:

-A adecuación da secuenciación

-A temporalización

-O logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación.

O Departamento de Matemáticas avaliará de forma conxunta a programación docente de forma xeral nas seguintes ocasións:

- Antes do comezo do curso escolar

- Ao finalizar o curso escolar.

- Cando a variación das disposicións legais así o aconsellen.

9. Outros apartados